

REFLEXIÓNS SOBRE O CORPUS DO GALEGO NA REVISTA GALLEGA (1895-1907)

María Xosé Rodríguez Valcárcel

I. E. S. A Rúa

A *Revista Gallega*, subtitulada *Semanario de literatura é intereses regionales*, naceu na Coruña o 17 de marzo de 1895¹ e mantívose na rúa ata o 30 de xuño de 1907; fundada e dirixida por Galo Salinas, na súa redacción figuraban os escritores Salvador Golpe, Francisco Tettamancy, Eladio Rodríguez González, Uxío Carré e Florencio Vaamonde.

Segundo Santos Gayoso (1990, p. 328) “Es una de las publicaciones más representativas del periodismo gallego de su época, es claro exponente del Rexurdimento Galego”. Sempre foi unha revista bilingüe, pero o emprego do galego aumentou a partir de 1897, ano no que se proclama “Órgano oficial da Liga Gallega na Cruña”.

Cómpre destacar que a *Revista Gallega* se posicionou constantemente en contra do centralismo cultural e que apoiou tódolos traballos que reflectisen a idiosincrasia galega (Cfr. César Antonio Molina, 1989, p. 115). Centrándonos na súa contribución á historia da nosa literatura, debemos indicar que serviu de canle de publicación ás producións de moitos autores novos, amais de divulgar as doutros xa consagrados, e asemade contribuíu decididamente ó afianzamento da crítica literaria e do teatro galegos.

Con respecto á lingua, á parte de acollérena como elemento vehicular, publicaron artigos que fornecían argumentos dignificadores, propiciaron un máis preciso coñecemento do idioma medieval e demandaron a entrada do galego en todos e cada un dos ámbitos propios dun idioma normalizado: a escola, a xustiza, a igrexa e os medios de comunicación. Paralelamente, tentaron mellora-la calidade da lingua escrita promovendo e recollendo numerosas discusións sobre cuestións idiomáticas.

O obxectivo que nos marcamos na presente comunicación é o de presenta-las opinións que apareceron na *Revista Gallega* sobre o estado interno do galego e sobre as posibilidades de melloralo, coa finalidade de avalia-la súa contribución ó proceso de estandarización da nosa lingua.

¹ César Antonio Molina (1989, p. 114) dá como data de fundación o primeiro de xaneiro do mesmo ano, pero podemos constatar, seguindo a Carballo Calero e Santos Gayoso, que este dato é falso.

A discusión sobre o *corpus* do galego nesta publicación abrangue varios aspectos dos cales imos abordar tres:

1. Valoración do estado interno do idioma.
2. Modelo de lingua literaria.
3. Polémicas ortográficas.

1. VALORACIÓN DO ESTADO DO IDIOMA

Polo que se refire ó estado do idioma, ímonos centrar en tres aspectos: que opinión merecían as variedades dialectais, o nivel de deterioro da lingua e a calidade do idioma usado polos escritores.

a) Os dialectalismos

González Seoane (1991, p. 55) afirma que “A preocupación polo estado de dialectalización da lingua galega constitúe un dos lugares comúns que se repiten unha e outra vez en boa parte dos estudos e traballos que sobre o galego se produciron na segunda metade do século XIX”. Sobre o tema pronunciáronse tanto os partidarios coma os detractores da Renascencia, uns para pedir unha norma que superase as variedades orais e os outros como un argumento desprestixiador do código. Con todo, déixanse oír algunhas voces, neste caso unicamente de simpatizantes do Rexurdimento, que consideran as variantes dialectais unha proba de riqueza idiomática. Na *Revista Gallega* só recollen un testemuño deste último posicionamento (*Revista Gallega*, 1897, p. 2):

“Muchos de los que combaten el uso del idioma gallego, no tienen otro argumento que presentarnos en apoyo de su empeño, que la divisibilidad del mismo, aunque esas diferencias las tenemos nosotros como riqueza de nuestro léxico que cuenta con diversidad de voces para exponer una misma cosa”.

Con todo, a opinión maioritaria é que as diverxencias existentes na lingua oral son un problema grave e así, referíndose á obra *Montañasas* de Noriega Varela, indican (*Revista Gallega*, 1904, p. 2):

“Acusan las poesías de Noriega un conocimiento no vulgar del habla gallega, por más que los subdialectos en que se divide la eliminan de toda legislación”.

Da mesma idea é G. S. R.² (1905, pp. 1-2) cando afirma que:

(...) “es imposible que la subdivisión lingüística que se enseñoa por entre los mil lugares de cada una de las cuatro provincias gallegas, pueda jamás formar nexo indisoluble é indivisible”.

² As iniciais responden neste caso, case con total seguridade, ó director da publicación: Galo Salinas Rodríguez.

b) O deterioro do idioma

A inmensa maioría dos autores coidan que a lingua galega se atopa nun estado lamentable, pero discrepan na enunciación das causas que provocaron o estrago. Estas son, para Otro Fernández (1896, pp. 2-3) “la emigración y comunicación cada día mayor con el resto de España”, para R. G. V.³ (1896, p. 4) “La culpa la tienen los mismos escritores y poetas gallegos”, para A. J. Pereira (1896, pp. 3-4) “la fuerza con que se desarrolló la lengua romance” e finalmente, Orsino⁴ (1898, p. 6) indica que:

“A fala nas aldeas está d’abondo corrompida pol-a intrusión de neologismos e barbarismos que os que chegan de servir ao Rei e das Américas levan aos lugares onde nasceron”.

c) A lingua usada polos escritores da época

Nas recensións de obras literarias é habitual que se valore a calidade da lingua usada nas mesmas e así detectamos críticas, que poden ser globais e arremeter contra autores que teñen un coñecemento deficiente do idioma, ou concretas contra o uso de certas formas.

–Censuras globais

Ilustradoras dos termos nos que se presentaron as censuras globais son as seguintes palabras de A. Dola (1904, pp. 2-3):

“Bastó á muchos ser nacidos en Galicia para creer que sabían ya el gallego. Así les vemos empleando una jerga castellana-galleguizada que les dió carácter especial é hizo creer á muchos que el gallego solo servía para hacer reír”.

Tamén aparece a idea de que, dada a situación na que se atopa o idioma e posto que non hai autoridades en cuestións lingüísticas, estas censuras non son lícitas, e así indica G. S. R. (1905, pp. 1-2):

“No; tal y como se encuentra hoy nuestro idioma, vista la anarquía que en él impera nadie puede decir en absoluto quién escribe bien el gallego y quien lo escribe mal. Podrá agradar más ó menos el estilo, la fraseología, la sintaxis [*sic*] usados por tal ó cual autor; podrá haber defensores é impugnadores del lenguaje fonético ó del etimológico; partidarios de los *jotistas* y *equistas*; *oistas* y *aoistas*, etc., pero el juicio no tendrá sobre que fundarse más que en el gusto particular de cada cual, nunca en el sentido científico”.

En termos moi semellantes pronúnciase Orsino (1898, p. 6):

“¿Non sabe que cantas censuras se lle dirixan aos que o gallego escriben son prematuras, suposto que aínda se non fixaron as regras para a súa lexítima popularidade?”.

³ González Seoane (1992, p. 38) suxire que a orde das letras debería ser V. G. R. dado que probablemente corresponden a Ventura García Rivera, director por esas datas do xornal coruñés *La Mañana* e colaborador do *Diario de Avisos*.

⁴ Desgraciadamente, non podemos indicar quen é o autor que se oculta baixo este pseudónimo. Probablemente se trata do director da revista, dado que rexistramos nela moitos traballos asinados baixo esta forma, pero isto non deixa de ser unha hipótese.

–Voces concretas

Censúrase a utilización dalgunhas terminacións e o uso de inventos e castelanismos léxicos. Así, S. (1899, pp. 5-6) críticalle a Rogelio Lois o uso “de esas ásperas terminacións en *eo* y *eón*, como *viceo*, *naceón*, etc”.

Cuveiro Piñol (1895, p. 4) arremete contra o que el considera inventos:

(...) “no puedo menos que lamentar el que algunos de los que escriben en su ilustrado periódico, inventen á cada momento sin duda para hacer gala del dialecto, términos y aun frases, poco acomodadas al estilo gallego castizo (...) ¿Quién no dice que el vocablo *Deus* no es sinó portugués⁵, como lo son tambien *olle*, *dúvida* y otros que vemos usar con frecuencia? *Soilo* no es gallego; le hemos visto por primera vez en el periódico de Lugo *A Monteiro*, allá en los años 1889 y 90 y sin más exámen tomó carta de naturaleza entre alguno de los escritores, que lo usan sin darse cuenta del *samente* ó *solamente*, gallego puro”.

Orsino (1896a, p. 4) indica que:

“Por mais que consultei os dicionarios de Valladares e Cuveiro e as defrentes obras dos nosos mestres en literatura, en ningún vin a parola *Muxenas*, senon *Mojenas*, *Moxenas* e *Mujicas*. Tamen teño que faguer ouservar que *Xusé* por *José* ou *Xosé* resulta un pouco violento, asin como as tirminacións en *ea*, *eón*, tás como *Galicea*, *noticea*, *paseón*, *naceón*, etc... Algunhas das composicións de Amador non dudo en afirmar que foron *pensadas en castelá*, e pol-o tanto fugironselle certas parolas castelás que, pol-o visto, non hachou seu equivalente n-o gallego, e asin limos ben a disgusto n-os seus versos *llano*, *llanura*, *corro*, *penacho*, *calles*, *jarcia*, *dichas*, *alargar*, *alargando*, *banco*, *enramada*, *pico*, *rama* e moitismas mais todas elas castelás, que á pouco que esculcara habería de atopar a tradución do seu senificado en galego”.

O mesmo autor (1897, pp. 5-6) cualifica de “gerga” a lingua empregada nunha obra de teatro, entre outros motivos porque:

“En Galicia no conocemos el sonido gutural de la j, y el hacer decir á los personajes *jracias*, *enjaño*, *priejo*, y otras, son barbarismos que desconocen nuestros campesinos aunque los usen los que, perteneciendo al pueblo bajo de las ciudades, quieren castellanizar los vocablos atropellando por toda regla lingüística con un completo desconocimiento de la pureza de nuestro léxico”⁶.

Pero, sen ningunha dúbida, foron os castelanismos e os híbridos castelán-galego as formas máis censuradas. Así, Curros Enríquez (1902, pp. 3-4) indica que “No hay en las poesías de nuestro autor (...) esos lugares comunes, esos ripíos [*sic*] y ese afán inmode-

⁵ Rábade Castinheira (1986, p. 503) indica que case tódolos autores do Rexurdimento utilizaron o castelanismo *Dios*.

⁶ Este posicionamento amosa a opinión maioritaria do século que consideraba espúreo un trazo tan de noso como é a gheada, corrente que se fundamentou, para Alonso Montero (1970, p. 43), nun criterio españolizante. González Seoane (1991, p. 58) afirma que sobre a gheada se pronunciaron moitos autores no século XIX escurecendo case sempre a súa condición dialectal e adscribíndoa ós vulgarismos.

rado de galleguizar voces castellanas, que ha llegado á invadir como una verdadera peste el parnaso gallego”.

Pereira (1896, pp. 2-3) pola súa banda, considera que:

“Hoy cada cual de los que escriben en gallego tira por su lado, y (sin ofender sea dicho) muchos ni siquiera escriben en el gallego que se habla á la puerta de su casa: con *galleguizar* las palabras castellanas, ó emplear estas tal y como son, salen del apuro”.

Finalmente, tamén se valora negativamente que certos autores tomen como modelo de lingua o rexistro considerado vulgar como se desprende das seguintes palabras de L. U. Gris (1897, p. 3):

“Para los caballeros á que aludimos, entre los cuales debe figurar en lugar preeminente Xesús Ferreiro, autor de *Zanzarradas*, la cátedra del gallego está, ó en las tabernas de los marineros de Sada, ó en la Puerta de la Torre donde reside la ilustre cuanto bien educada clase de alquiladores de pollinos, que hablan (...) en gallego, aunque algo mejor que el de sus *Zanzarradas*”.

2. MODELO DE LINGUA

Variadas son as suxestións que presenta a *Revista Gallega* sobre cal pode se-lo modelo que botar man para unifica-la diversidade existente na lingua escrita ata ese momento. As opinións van desde a adopción de patróns xa existentes (o portugués, o galego medieval ou mesmo o rexistro oral) ata a constatación da necesidade de elaborar un modelo propio. O estado da cuestión queda perfectamente resumido nas seguintes palabras de Fulvio Vergondense⁷ (1896, pp. 3-4):

“Us ocupanse da millor maneira de restaural-o idioma, e din que debemos irnos ao portugués; outros levan a contra e incrinanse ao castellano; quen é partidario do estudo e publicación dos antigos códices; quen trona contra d’eles, e en tal mesturanza de apasionadas opinións non adiantamos un paso”.

a) Galego Medieval

Unicamente atopamos un autor que defende a escolla da lingua medieval como modelo literario. Trátase de F. V. (1897, p. 4) quen afirma:

“Semellante erro proven da falta de estudo dos poetas dos *Cancioneiros* da Vaticana e de Ajuda e das *Cántigas* de Afonso o Sabio, onde se atopa un gallego puro usado por ilustres vates. As produccións d’estes, enténdense no día perfectamente, son modelos de linguaxe e de poesía, que recomendamos aos nosos literatos”.

⁷ Pseudónimo de Florencio Vaamonde. *Cfr.* Carballo Calero, 1981³, p. 472.

b) O Portugués

Referencias ás relacións entre galego e portugués aparecen xa no século XVIII⁸ pero a polémica non nace ata que no XIX se pensa na posibilidade de converte-lo primeiro nunha lingua de cultura. Precisamente, a escolla da lingua portuguesa como modelo foi case con total seguridade a maior polémica de tipo idiomático que recolleu a publicación coruñesa. Achamos nela moitos traballos nos que se afirma o parentesco dos dous idiomas dado que este prestixiaba o galego (*Cfr.* Hermida, 1992, pp. 105-117). Aínda que non entra nos nosos obxectivos a utilización do portugués como argumento dignificador podemos indicar que defendían o parentesco entre ámbolos idiomas Carré (1902, pp. 2-3), Galo Salinas (1896, pp. 1-2), Martelo-Paumán (1896, pp. 2-3), S. Golpe (1901, pp. 1-2), Ramón Bernárdez (1902, p. 2), Martínez Salazar (1902, p. 3), Lugrís Freire (1902, p. 4), Avelino Barbeito (1902, p. 4), Florencio Vaamonde (1902, p. 4), Xan do Pobo (1904, pp. 1-2) e Jan de Ouces⁹ (1897, p. 2). Tamén aparecen, aínda que en menor medida, autores que negan tal identidade xa na etapa medieval, como Manuel R. Rodríguez (1896, p. 4), ou que dubidan da mesma como Aureliano Pereira (1896, pp. 2-3). Finalmente, algúns afirman o nacemento e desenvolvemento conxunto de ámbolos códigos pero observan profundas diverxencias no momento actual. É o caso de Eloy Señan (1896, pp. 2-3) quen comenta:

“Solo se conservan, pues, las escritas en lengua galaico-portuguesa ó gallega como también se puede llamar puesto que las diferencias entre el portugués y el gallego aparecieron más tarde, debiéndose á causas de todos conocidas”.

Máis interesante agora para nós que a constatación do parentesco é a discusión da conveniencia ou inconveniencia de adoptar como galego estándar a norma portuguesa¹⁰. A polémica desenvolveuse ó longo de toda a centuria pasada pero vai ser en 1896 e precisamente nas páxinas da *Revista Gallega* onde se discuta con maior virulencia. Comeza cun traballo de Santiago Fernández Neira, ou Ortófilo¹¹ (1896, p. 3), decidido defensor da identidade e fusión entre galego e portugués. Curiosamente nesta ocasión non presentaba este tema senón que unicamente pedía promove-la discusión de se na orixe do galego predominaba o elemento céltico ou o latino. Contéstalle Otro Fernández (1896, pp. 2-3) indicando que cómpre abandonar esas discusións que non conducen a nada e centra-los esforzos en dignificar e unifica-lo idioma. Para isto propón acepta-lo portugués “por ser los mismos sus orígenes y confundirse en ellos sus literaturas”. Tal aceptación reportaríalle ó galego moitas vantaxes:

⁸ Vid. Ramón Mariño (1991).

⁹ Pseudónimo de Florencio Vaamonde. *Cfr.* Carballo Calero, 1981³, p. 472.

¹⁰ Seguimos neste punto o traballo de González Seoane (1996) ó que remitimos para ver un tratamento máis pormenorizado do tema.

¹¹ Deste autor recollemos en *El Regional* de Lugo un traballo en catro entregas titulado significativamente “El idioma portugués es nuestro idioma” publicado os días 9, 16, 20 e 24 de xaneiro de 1894.

“El mercado gallego y el mercado portugués tendrán mayor esfera de acción en el terreno literario. Nosotros siempre hemos ganado al asimilarnos una literatura superior á la castellana, también bajo el punto de vista histórico será conveniente porque la unificación del idioma gallego con el portugués vendría á ser un lazo más para llegar á la realización del hermoso sueño de la unión de la península ibérica”.

Nas discusións que seguen a este traballo interveñen en defensa da independencia do galego R. G. V., Aureliano Pereira e Manuel Rodríguez Rodríguez e en defensa da asimilación ó portugués Fulvio Vergodense e Cristobo das Viñas. Un posicionamento intermedio entre as dúas posturas sostéñeno Martelo Paumán, quen afirma a identidade dos dous códigos pero non se pronuncia sobre a unificación, e Andrés Martínez Salazar, o cal, sen apoia-la fusión, propón emprega-los dicionarios e gramáticas portuguesas para actualizalo galego. Os defensores da unificación baséanse, fundamentalmente, na identidade dos dous idiomas na época medieval; os partidarios da independencia camiñan desde a dúbida desa primitiva unidade ata o recoñecemento da mesma, pero tamén do irreversible do afastamento. Desta opinión era Aureliano Pereira (1896, pp. 2-3) para quen adoptalo portugués sería “tirar al arroyo el poco ó mucho idioma que nos queda, para tomar uno ajeno”. O mesmo autor comenta varias desvantaxes que derivarían da unificación:

“En primer término, surge la dificultad de que, sino es posible reconstruir nuestro idioma propio (...) mucho más difícil sería, imposible puedo decir, propagar otra lengua que no es la nuestra. Los que hablan el gallego, bien ó mal, los que lo cultivan, con mejor ó peor éxito tendrían que abandonarlo para dedicarse al portugués. ¿Como, por qué medios, habríamos de sustituir en la población rural un idioma con otro, tropezando con las resistencias naturales en quien vé que se le quiere quitar lo propio para imponerle lo ajeno?”.

Da tese favorable á asimilación, resultan significativas as seguintes palabras de Fulvio Vergodense (1896, pp. 3-4):

“Debemos aleixarnos tanto do castellano canto debemos nos acercar ao portugués porque as regras da sua gramática son as mesmas que a da nosa e parez mentira que haija quen coide o contrario como lle pasou ao autor de unha *Gramática Galega* que, ao ser o seu libro juzgado pol-os críticos estranxeiros, estos o louvaron pero dixeron que era un traballo inútil o que se tomará porque ja había gramáticas portuguesas”.

Fernández Merino (1896, pp. 2-3) adopta unha postura mixta tras soste que ámbolos foron unha mesma lingua:

“Estudemos, pues, y conozcamos el verdadero origen de nuestro idioma, como dice Pereira, y luego se podrá limpiar de las voces, vocablos y giros que lo afean, como desea *Otro Fernández*. La obra se hace perfecta ó no se hace. Los que actualmente entienden en el asunto en que nos ocupamos y que continúan escribiendo sobre lo mismo en la *Revista Gallega*, deben llamar á esa labor á hombres encanecidos en el estudio de la historia, á los publicistas más insignes de la región y mejor á una comisión mixta de portugueses y gallegos dedicados á esa clase de estudios”.

c) A fala moderna

O último modelo presentado propón utilizar como lingua literaria o código oral e parte de Xesús Rodríguez López quen comentaba no prólogo da súa obra *Pasaxeiras* que:

“El lenguaje que empleo es el que me enseñó mi madre y el recogido entre los campesinos. Así es cómo yo entiendo que debe hablarse y escribirse en gallego”.

Este autor, malia a que recoñecía que existían diferencias dialectais dentro do galego coidaba que estas eran pequenas e que resultaba máis comprensible o galego oral popular que o que “dan á luz algunos escritores, inventando en su mayor parte, en el bufete, galleguizando palabras castellanas para salir del compromiso”.

Orsino (1898. p. 6) observa algúns problemas nesta opción:

(...) “¿é que coida que o gallego literario è ó mesmo que o vulgar? ¿pensa que ó que para o púbrico escribe faino tan sólo para que ó lea quen non ó sabe entender? ¿qué opinaría, por enxemplo de Castelar ou Menéndez Pelayo, se empregasen nos seus es-culturales escritos o bárbaro linguaxe que fala o baixo pobo de Castela, Aragón ou Andalucía?”.

Rodríguez López (1898, p. 2) sae ó paso destas censuras e comenta que el recoñece tamén dous tipos de rexistros, literario e popular, pero que non ten ningunha dúbida de que “pra formar o literario hai que tener coñecemento denantes do vulgar”. Amais, indica que este foi sempre o proceder dos escritores galegos:

“Pero eu ó que ouservo é que os autores generalmente, escriben o gallego que oiron ás xentes do vulgo, mais ou menos depurado, e non fan moito caso o escribilo do que le-ron nos maestros que teñen por crásicos”.

Coincide con Orsino en que teñen que existir diferencias entre a lingua literaria e a popular Xan do Pobo (1905, pp. 1-2) quen comenta:

“¡Ira de Dios! si porque el vulgo dice *lambita* por levita, *pátrea* por patria, *cascar* y *cheirar* por arrescender en el lenguaje gallego pulido, en el literario, habrán de decirlo y escribirlo igualmente las personas cultas; para eso digamos y escribamos también *precurador*, *catredal*, *ministro*, etc., etc., porque el vulgo inculto, *castellano*, también lo pronuncia”.

d) Traballos propios

Finalmente, algúns autores pensan que non é válido ningún dos modelos anteriores se-nón que cómpre crear unha norma propia e para lograrena propoñen realizar unha serie de traballos. Neste senso maniféstase A. Pereira (1896, pp. 2-3) quen presenta un proce-so que constaría de dúas fases. Na primeira, á que denomina “de acumulación” trata-ríase de:

(...) “recoger lo que nos ofrecen los elementos históricos, ó sea los libros escritos en gallego, los documentos que puedan consultarse, así como recopilar las palabras, las frases, los giros que se emplean en los pueblos y comarcas donde menos adulterado se

habla el gallego, cual sucede en los lugares de la montaña, con lo cual se enriquecerá considerablemente nuestra lengua”.

A segunda, “de purificación”, consistiría en “ir desterrando los vocablos castellanos que tienen su equivalente genuino en gallego”. Demanda para estes traballos, retomando unha idea súa de 1887, a creación dunha institución que centralice esforzos e dea autoridade ós resultados, isto é, dunha Academia Galega.

G. S. R. (1905, pp. 1-2) propón as seguintes actividades para elaborar unha Gramática e un Dicionario galegos no que baseárense os escritores:

“Para lograrlo, los Académicos residentes en los múltiples pueblos de toda la región, deberán remitir á una docta comisión nombrada al efecto, cuantas voces conozcan y otras que escuchen de labios de nuestros paisanos, y tras una delicada y minuciosa selección, escogitar aquellas para formar el diccionario gallego y formar la gramática en el plazo más breve posible”.

3. ORTOGRAFÍA

Na *Revista Gallega* atopamos referencias a dúas discusións que remiten a cuestións ortográficas. A primeira enfrontaba os partidarios de seguir unha ortografía etimolóxica cos que se inclinaban por un modelo fonético. Esta polémica, que tivo o seu punto culminante en 1888, desatouse como consecuencia da grafía idónea para o fonema fricativo prepalatal xordo (Cfr. Hermida, 1987). Os posicionamentos eran basicamente tres: o etimolóxico, que tiña como premisa a utilización dos grafemas *j*, *g* e *x* distribuídos de acordo coa etimoloxía da palabra; o equista ou simplificador, que propugnaba empregar sempre a grafía *x*; e, finalmente, o sistema proposto por Marcial Valladares quen sostiña o uso de *g* e *j* en case tódolos casos, mantendo o *x* para as palabras que en castelán non tivesen ningunha das outras dúas.

Orsino (1896a e 1898) remite ó debate anos despois en dous traballos na *Revista Gallega* e amósase partidario da postura etimolóxica, indicando que os que seguen o sistema fonético o fan por ignorancia ou por comodidade:

(...) “a facilidade que aos que escriben, ou pretenden escribir en gallego, lles da o uso para todol-os sonidos, da *ch* e da *g* francesas. Pero se tal costume e moi secorrida para os que tenden a empregar solo o sistema *fonético* (...) non poden conformarse co o parecer dos que queren seguir o sistema *etimolóxico* e non poden conformarse porque n-as mentres que para o emprego d’este último é necesario o estudio e o verdadeiro coñecemento das radicás, n-o outro abonda co a costume de preñunciar todo co o sonido da *ch* que a mais de ser impropio é recurso do que botan man os folgazás, porque pírmitíndolles decote e sen censuras a pernunciación da *x*, teñen un coitado de menos ao facer seus traballos”.

A segunda polémica rexistrada enfronta *oístas* e *aoístas* e ten que ver coa representación da contracción entre a preposición *a* e o artigo masculino¹². Xa Alonso Montero (1970, p. 46) indicara que “La inscripción «Aos mártires da libertade mortos o 26 de abril de 1846» provocó una polémica filolóxica de certo ruido”. A polémica, amais de discutir outros vocábulos do texto da inscrición, referiuse basicamente á grafía *AOS* e así suscitouse unha forte discusión, ás veces tinguida de personalismos, entre os que defendían a súa licitude e os que a consideraban un lusismo ou arcaísmo intolerable. Partidarios dela eran Xan do Pobo, Marcial Miguel de la Iglesia, Pérez das Mariñas, Uxío Carré e Cidrán de Lemus. Detractores da mesma e defensores da grafía *ós* eran Julio Dávila Díaz, Bernardo Rodríguez, Cayetano A. Aldrey, Manuel Rodríguez Rodríguez e Riguera Montero¹³.

Xan do Pobo (1905, pp. 1-2) defende a grafía *ao* para representa-lo dativo e considera que non é válida ningunha outra forma:

(...) “consideremos ahora el error de los que escriben *ós* con circunflejo para indicar el dativo (y hasta el acusativo). La leyenda (mejor dicho estará inscripción) del monumento de Carral, según el Sr. Rodríguez y los que opinan como él, estaría siempre en nominativo con el circunflejo, el acento agudo ó sin ningún acento; y jamás en dativo, como perfectamente la consignaron sus autores en la forma contracta: *Aos mártires*, etc”.

Na mesma liña, E. Carré (1905, p. 2) responde ás acusacións que contra el presentara Julio Dávila por unificar en *ao* a grafía dos poemas que presenta na antoloxía da súa obra *La literatura gallega en el siglo XIX* e afirma que efectivamente substituíu tódolos *ós* por *aos* porque:

“*A o* y *aos* deben escribirse –junto ó separado, como se quiera– porque es como se pronuncian. En unas comarcas la *a* suena más ó menos apagada que en otras, pero suena”.

Cidrán de Lemus (1905, p. 2) tercia na polémica e recomenda deixa-la discusión pero, antes de rematala, fornece en apoio da grafía *ao* algunhas citas da Gramática de Saco Arce¹⁴ quen dicía que “El dialecto meridional, enemigo de todo hiato, contrae ó usa del

¹² Remitiremos neste punto a algúns traballos que os mesmos autores publicaron por esas datas en *Vida Gallega*, *El Norte de Galicia* e *El Eco de Galicia* coa finalidade de botar luz sobre o tema. Aínda así cómpre indicar que os resultados que imos presentar son fragmentarios e que non podemos tirar polo de agora ningunha conclusión definitiva sobre cal era a opinión maioritaria.

¹³ Non coñecemos os traballos dalgúns destes autores pero sabemos dos seus posicionamentos polas referencias que se realizan a eles.

¹⁴ Nas gramáticas e dicionarios que se publicaron antes da polémica observámo-las seguintes alternativas:
-Francisco Javier Rodríguez (1863) no seu Dicionario di con respecto a *o* que “Esta letra sin el acento significa el artículo masculino y lo, neutro; ó A lo, al, ó á él”. Con respecto a *ao* di que “es lo mismo que *ad illa*, y en blativo *ad illo*, y sincopando las letras intermedias sale *ao*”.
-Mirás (1864) na súa Gramática propoñía grafa-lo dativo e acusativo singular como *a o* e no feminino non distinguía de ningún xeito as formas de nominativo e as de acusativo e dativo.
-Saco Arce (1868) propón as grafías *o*, *a*, *os*, *as* para o nominativo, e *ó*, *á*, *ós*, *ás* para dativo e acusativo e amais di “Las formas integras del dativo de singular y de plural son *a o*, *a a*, *a os*, *a as*; pero por razones de eufonía que se expondrán más adelante la preposición *a* es absorbida por la vocal del artículo”.

apóstrofo en combinacións de vocales, *que el otro dialecto pronuncia ó á lo menos escribe separadamente*. Así el primeiro dice: *ós homes, ás mulleres (...)* y el segundo: *á os homes á as mulleres...?*

Solidarízase coa idea anterior Pérez das Mariñas (1905, p. 2), quen, tras nomear unha lista de autores residentes en América que utilizan a grafía *ao*, cuestiónase “¿que habrá leído entonces el Sr. Aldrey para afirmar que hace siglos no se emplea el *aos*?”.

No bando dos detractores da forma *aos* sitúase Riguera Montero (1905, p. 1) quen en 1905 afirma que está de acordo coa tese de Cayetano A. Aldrey. En 1909 publica, nun caso baixo o seu nome e noutro co pseudónimo de Ramón Erotiguer¹⁵ un traballo en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires e en *Vida Gallega* (1909, pp. 2-3) e nel afirma que “El docto profesor don Cayetano A. Aldrey (...) demuestra (...) que la dedicatoria del mencionado monumento AOS... MORTOS... á la memoria de los mártires de las libertades regionales, fusilados en dicho mes y año, contiene lusitanismos imperdonables; arcaísmos ridículos é intolerables, barbarismos estupendos”, entre os que se atopaba a grafía *aos* “un lusitanismo intolerable en la lengua de los gallegos”.

Tamén remite Riguera Montero a dous traballos de Manuel Rodríguez Rodríguez¹⁶ nos que defendía que “La lengua gallega, al declinar sus vocablos, aglutina las preposiciones con los artículos de origen griego *o, a, os, as* en horror al *hiato* que resultaría de la colisión de la vocal prepositiva con dichos artículos”.

Para Rodríguez Rodríguez a forma *ao* é “un barbarismo, ó, por lo menos, un arcaísmo ridículo é intolerable”.

Riguera Montero, amais de citar estes dous autores como fonte de autoridade, menciona tamén a algúns escritores (Rosalía, Lamas Carvajal, Curros Enríquez e Pérez Ballesteros) que nunca a empregaron e nega rotundamente que esta pronuncia se rexistre en Galicia:

“Estamos seguros de que los defensores de tal inscripción, no hablan así en sus conversaciones, so pena de caer en lo ridículo y mover á risa á los circunstantes; y aunque se echen galgos y se pongan pasquines en todas las ciudades, villas y aldeas de nuestra región, no se encontrará un *aoista* siquiera aunque se pague á precio de ojo de raza”.

A discusión foi tan forte e as posturas tan encontradas que Salvador Golpe (1906, p. 32) recomenda que a Academia recentemente constituída se ocupe do asunto:

“Creo de suma necesidad y urgencia que nuestra *Academia* delibere y resuelva sobre la forma gráfica en que debe emplearse el dativo del artículo gallego. Hay tal diver-

-Valladares, no seu Dicionario de 1884 propón grafa-la contracción con til grave “ò home” e o artigo sen til. Na Gramática de 1892 cambia o seu posicionamento e inclínase por representa-lo nominativo sen til e o dativo e acusativo con acento circunflexo ô, â, ôs, âs.

¹⁵ Este pseudónimo pertence a Riguera Montero quen publica asinado co seu nome en *Vida Gallega* (nº 5, maio de 1909, pp. 4-5) o mesmo traballo engadíndolle unicamente dúas breves anotacións. Tendo en conta isto comentaremos conxuntamente os dous artigos.

¹⁶ Concretamente a introducción que elaborara para a *Crónica Troyana* e mailo titulado *Origen filológico del romance castellano*.

gencia de opiniones en este punto, entre nuestros literatos, que unos escriben ese caso de una manera, otros de otra, y hasta hay quienes dicen que la forma *ao*, *aa*, *aos*, *aas*, es bárbara y arcaica. Es preciso, pues, que cese pronto esa anarquía gramatical y se defina y fije, por quien tiene autoridad, cuestión tan importante”.

En definitiva, os argumentos utilizados por detractores e defensores da grafía *AOS* son idénticos. Os primeiros aducen que é un lusismo ou un arcaísmo e que non se rexistra o hiato na lingua oral en ningunha parte de Galicia, amais de citaren escritores que non recorreron a ela; os segundos fundaméntanse, para defende-la súa utilización, non só no exemplo dos autores que a empregaron previamente, senón que mesmo indican que é unha forma que se atopa na lingua oral.

4. CONCLUSIÓNS

A *Revista Gallega*, como publicación comprometida co movemento da Renascencia, de seguro acolleu nas súas páxinas as discusións que sobre a corrección do galego escrito se desataron na súa época. Á luz dos exemplos rexistrados podemos afirmar que as dúas polémicas máis agudas foron as da independencia entre galego e portugués e a que enfrontou a *oístas* e *aoístas*. A tónica xeral na *Revista* é a de non se posicionaren dado que publican traballos que recollen tódolos puntos de vista. Unicamente escapan desta opción na segunda polémica mencionada, na que se pronuncian claramente pola segunda alternativa.

Se temos en conta que a *Revista Gallega* serviu de canle de discusión á hora de fixar unha lingua o máis correcta posible e que apoiou decididamente a constitución dunha Academia Galega coidamos que debemos concluír que esta publicación contribuíu decididamente no desenvolvemento do proceso de estandarización da lingua galega, contribución que debemos engadir, para valorala na súa xusta medida, co seu incuestionable impulso á normalización da mesma.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Montero, X.: *Constitución del gallego en lengua literaria*, Celta, Lugo, 1970.
 Barbeito, A.: “A los escolares portuenses” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1902, p. 2).
 Bernárdez, R.: “Salutación” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1902, p. 2).
 Carballo Calero, R.: *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1981³.
 Carré Aldao, E.: “Irmáns” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1902, p. 5).
 Carré, E.: “La literatura gallega en el siglo XIX” en *Revista Gallega*, A Coruña (6.4.1902, pp. 2-3).
 Carré, E.: “Del idioma gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (18.2.1905, p. 2).
 Cidrán de Lemus: “Del idioma gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (27.5.1905, p. 2).
 Curros Enríquez, M.: “Crítica literaria. Caldo de grelos. Versos gallegos por R. Armada Teijeiro” en *Revista Gallega*, A Coruña (23.2.1902, pp. 3-4).

- Cuveiro Piñol, J.: “Campo neutral” en *Revista Gallega*, A Coruña (10.11.1895, p. 4).
- Dola, A.: “De literatura gallega” en *Revista Gallega*, A Coruña (3.12.1904, 10.12.1904, 24.12.1904).
- Erotiguer, R.: “Falar enxebre” en *El Eco de Galicia*, Buenos Aires (10.4.1909, pp. 2-3).
- F. V.: “Poetas antigos de Galicia” en *Revista Gallega*, A Coruña (4.7.1897, p. 4).
- Fernández Merino, J.: “Los orígenes del gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (7.6.1896, pp. 2-3).
- Fernández Neira, S.: “Los orígenes del gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (19.1.1896, p. 3).
- Fulvio Vergodense: “Do idioma galego” en *Revista Gallega*, A Coruña (31.5.1896, pp. 3-4).
- G. S. R.: “Nuestro idioma” en *Revista Gallega*, A Coruña (7.10.1905, pp. 1-2).
- Golpe, S.: “Discurso leído por el Sr. D. Salvador Golpe Varela en los Juegos Florales celebrados en Betanzos el domingo 29 de Septiembre de 1901” en *Revista Gallega*, A Coruña (20.10.1901, pp. 1-2).
- Golpe, S.: “Bien venidos” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1902, p. 2).
- Golpe, S.: “Cuestión gramatical” en *Boletín de la Academia Gallega*, (20.6.1906, pp. 32-36).
- González Seoane, E.: “Ideas sobre a fragmentación dialectal do galego no século XIX”, en Brea, M. e Fernández Rei, F. (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Tomo II, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 55-69.
- González Seoane, E.: *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e comezos do XX*. Tese de Doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, 1991.
- González Seoane, E.: “O debate sobre a independencia do galego na última década do século XIX” en Lorenzo, R. e Álvarez, R. (coord.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Universidade de Santiago, 1996, pp. 121-131.
- Henríquez Salido, M.: “As gramáticas do galego do século XIX” en *Actas I Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 1984)*, Agal, Ourense, 1986, pp. 443-469.
- Hermida, C.: “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]” en *Grial*, 97, 1987, pp. 299-316.
- Hermida, C.: *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Xerais, Vigo, 1992.
- Iglesia, Marcial Miguel de la: “Del idioma gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (14.1.1905, pp. 1-2).
- Jan de Ouces: “Resume da Geografía de Galicia. Idioma” en *Revista Gallega*, A Coruña (31.10.1897, p. 2).
- L. U. Gris: “Zanzarradas” en *Revista Gallega*, A Coruña (16.6.1897, p. 3).
- Lugrís Freire, M.: “Aos estudantes portugueses” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1902, p. 4).
- Mariño Paz, R.: “Estudios, informacións e ideas sobre o galego entre os séculos XVI, XVII e XVIII”, en Brea, M. e Fernández Rei, F. (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Tomo II, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 125-135.
- Martelo-Paumán, E.: “Los orígenes del gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (23.2.1896, pp. 2-3).
- Martínez Salazar, A.: “A los estudiantes portuenses” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1902, p. 3).
- Mirás, F.: *Compendio de Gramática gallego-castellana*, Est. Tip. de Manuel Mirás, Santiago. Ed. fac. de Akal, Madrid, 1978.
- Molina, C. A.: *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Xerais, Vigo, 1989.
- Orsino: “MUXENAS.- versos gallegos por Amador Montenegro Saavedra, c’ un Prólogo de Xusé Pérez Ballesteros, Vigo, 1896” en *Revista Gallega*, A Coruña (16.8.1896, p. 4), (1896a).
- Orsino: “PE DAS BURGAS por Francisco A. de Nóvoa.- La Coruña, Andrés Martínez editor.- 1896” en *Revista Gallega*, A Coruña (11.10.1896, pp. 5-6), (1896b).
- Orsino: “Los escritores regionales en el teatro. Maruxiña” en *Revista Gallega*, A Coruña (31.1.1897, pp. 5-6).

- Orsino: “Pasaxeiras” en *Revista Gallega*, A Coruña (10.7.1898, p. 6).
- Otro Fernández: “Los orígenes del gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (2.2.1896, pp. 2-3).
- Pereira, A. J.: “Los orígenes del gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (16.2.1896, pp. 2-3 e 5.4.1896, pp. 3-4).
- Pérez das Mariñas, J.: “Del idioma gallego” en *El Norte de Galicia*, Lugo (12.4.1905, p. 2).
- R. G. V.: “Los orígenes del gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1896, p. 4).
- R.: “Los orígenes del gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (1.3.1896, pp. 3-4; 8.3.1896, pp. 2-3; 15.3.1896, pp. 3-4; 22.3.1896, pp. 3-4; 29.3.1896, pp. 2-3).
- Rábade Castinheira, J. C.: “As formas ‘prohibidas’ nos precusores, nos grandes mestres e nos gramáticos do século XIX” en *Actas do I Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 1984)*, Agal, Ourense, 1986, pp. 469-521.
- Revista Gallega*: “Para que se sepa” en *Revista Gallega*, A Coruña (7.2.1897, p.2).
- Revista Gallega*: “Galaicos y lusitanos” en *Revista Gallega*, A Coruña (7.7.1901, p. 1).
- Revista Gallega*: “Sección Bibliográfica. *Montañasas*. Versos gallegos, por Antonio Noriega Varela” en *Revista Gallega*, A Coruña (8.5.1904, p.2).
- Riguera Montero, J. M.: “Lo de Carral. Barbarismos de una dedicatoria” en *El Norte de Galicia*, Lugo (4.5.1905, p. 1).
- Riguera Montero, J. M.: “Cuestión filológica. Falar enxebre” en *Vida Gallega*, A Coruña, (nº 5, maio de 1909).
- Rodríguez López, J.: “Acraraciós” en *Revista Gallega*, A Coruña (24.7.1898, p. 2), (1898a).
- Rodríguez López, J.: *Pasaxeiras*, Imprenta de Ricardo Rojas, Madrid, 1898, (1898 b).
- Rodríguez Rodríguez, M.: “La lengua lusitana no es el idioma propio y natural de los gallegos” en *Revista Gallega*, A Coruña (10.5. 1896, p. 4).
- Rodríguez, F. J.: *Diccionario gallego-castellano*, Revista Galicia, A Coruña, 1863.
- S.: “Crítica literaria. *Burbujas* –Livro de versos en castellano y gallego, por Rogelio Lois– Pontevedra, tipografía de la Oliva, 1899” en *Revista Gallega*, A Coruña (22.10.1899, pp.5-6).
- Saco Arce, A.: *Gramática Gallega*, Imp. de Soto Freire, Lugo, 1868.
- Salinas Rodríguez, G.: “La Dramática Gallega” en *Revista Gallega*, A Coruña (25.10.1896, pp. 1-2).
- Santos Gayoso, E.: *Historia de la prensa gallega*, O Castro, Sada, 1990.
- Señán, E.: “Las poesías del Rey Sabio” en *Revista Gallega*, A Coruña (15.3.1896, pp. 2-3).
- Vaamonde, F.: “Aos académicos lusitás” en *Revista Gallega*, A Coruña (9.2.1902, p. 4).
- Valladares, M.: *Diccionario gallego-castellano*, Imprenta del Seminario Conciliar Central, Santiago, 1884.
- Valladares, M.: *Elementos de gramática gallega*, Galaxia, Vigo, 1970. Edición facsimilar da de 1892.
- Xan do Pobo: “El regionalismo gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (12.11.1904, pp. 1-2).
- Xan do Pobo: “Del idioma gallego” en *Revista Gallega*, A Coruña (7.1.1905, pp. 1-2).